


GUÍA DO PROFESOR

PARA ENSINAR AS DEREITOS DE AUTOR

Merja Kauppinen



AULA DO DEREITO DE AUTOR



© Kopioisto ry 2017

Texto: Merja Kauppinen.

Ilustración e diseño gráfico: Tarja Petrell / J&Co Digital Oy.

Este manual é unha breve introdución á ensinanza dos dereitos de autor para profesores e estudantes de Maxisterio.

Na guía, atopará ferramentas pedagóxicas para o mundo dos dereitos de autor.

Os coñecementos e as habilidades relacionados cos dereitos de autor forman parte das competencias profesionais dun docente, que deben manterse igual que outros recursos profesionais.

O material da Aula do Dereito de Autor está baseado en Kopiratittila, unha iniciativa de Kopiostory, e foi adaptado por CEDRO coa súa autorización.

O material dos dereitos de autor foi elaborado por expertos en pedagogía e dereitos de autor.

A parte pedagóxica do material de Secundaria e formación de profesorado foi deseñada por *Merja Kauppinen*, profesora do Departamento de Formación Docente da Universidade de Jyväskylä, nun grupo de traballo formado por *Susanna Mononen* e *Mari Erho*, profesoras de lingua e literatura, así como *Juha Kallanranta*, supervisor de expertos en dereitos de autor, e *Kirsi Salmela*, avogada e xerente de licenzas.

O material de Educación Primaria e ESO foi deseñado e redactado por *Arja Kangas-harju*, profesora de lingua e literatura, *Marjukka Peltonen*, bibliotecaria especializada, *Henna Ylihärsilä*, mestra, así como *Juha Kallanranta* e *Kirsi Salmela*.

O material produciuse nun proxecto, en cuxo grupo directivo participaron a Dirección Xeral de Educación, o Ministerio de Educación e Cultura e o Sindicato de Educación (OAJ). CEDRO encargouse de adaptalo e licencialo para España.

Benvido á Aula do Dereito de Autor!

ÍNDICE:

1. Benvida á Aula do Dereito de Autor: Presentación do material	s. 2
2. Os dereitos de autor nos estudos como parte da multialfabetización e para aprender habilidades de aprendizaxe	s. 5
3. A ensinanza das habilidades dos dereitos de autor	s. 10
4. As habilidades dos dereitos de autor e o seu estudo	s. 11
Anexos: Formulario de autoavaliación	s. 16

1. BENVIDA Á AULA DO DEREITO DE AUTOR: PRESENTACIÓN DO MATERIAL

O obxectivo do material didáctico da Aula do do Dereito de Autor é inspirar e estimular profesores e alumnos á produción persoal respectando os dereitos de autor.

O servizo en liña da Aula do do Dereito de Autor (www.auladerechodeautor.org/gl) contén material didáctico para ensinar coñecementos sobre os dereitos de autor para os centros educativos de Educación Primaria, Secundaria, así como para a formación de profesorado.

Na Aula, os dereitos de autor apréndense facendo e practicando a través de distintas tarefas e exames lúdicos e interactivos.

FIGURA 1 Materiais da Aula do Dereito de Autor

	Educación Primaria e ESO	Ensino Secundario (Bacharelato e Formación Profesional)	Formación de profesorado e formación continua do profesorado
MATERIAIS	1.º-3.º de Primaria – Xogo de memoria – Busca o símbolo © 4.º-6.º de Primaria – A ruleta da sorte 1.º-2.º de ESO – Cuestionario – Xogo do artista 3.º-4.º de ESO – Cuestionario – Tarefa do musical – Xogo de memoria de organismos que xestionan os dereitos de autor Materiais do profesor Resumos e instrucións	Prácticas en habilidades sobre os dereitos de autor 1 Coñecementos sobre os dereitos de autor – Cuestionario 2 Habilidades para usar diferentes tipos de materiais - Xogo de Verdadeiro ou falso 3 Destrezas de busca de información e capacidade lectora crítica – Xogo do Bingo Exame final Percorrido para a produción persoal do estudante Materiais do profesor Instrucións de autoaprendizaxe Resumos e instrucións	Material pedagóxico Consellos didácticos Materiais didácticos Guía dos dereitos de autor Prácticas en habilidades sobre os dereitos de autor 1 Coñecementos sobre os dereitos de autor – Cuestionario 2 Habilidades para usar diferentes tipos de materiais – Xogo de Verdadeiro ou falso 3 Destrezas de busca de información e capacidade lectora crítica. – Xogo do Bingo Exame final Instrucións de autoaprendizaxe

O material divídese en catro partes: en material de Educación Primaria e ESO, que se divide segundo niveis de ensino, e en material para Bacharelato, Formación Profesional e formación de profesorado. Os xogos e os exames están deseñados para avanzar por etapas, de modo que os alumnos de Secundaria poidan asentarse os seus coñecementos e habilidades con exercicios de ESO antes do material do seu propio nivel de formación. Na formación de profesorado, os cursos e os exercicios poden incluír un conxunto de materiais sobre os dereitos de autor da Aula do Dereito de Autor ou xogos e exames individuais para ampliar e repasar os coñecementos e as habilidades dos dereitos de autor. Na práctica docente, tamén é bo familiarizarse coas ideas pedagóxicas e o uso do material para todos os niveis de ensino e formas de educación. Ademais, animamos os profesores en exercicio a actualizaren o seus coñecementos sobre os dereitos de autor realizando o paquete de materiais de formación de profesorado ademais dos materiais didácticos do seu propio nivel de formación. Deste xeito, porán ao día os seus propios coñecementos e habilidades.

As diferentes clases de Educación Primaria teñen o seu propio material lúdico. O material para centros de Educación Secundaria e formación de profesorado consiste en practicar tres destrezas dos dereitos de autor a través de tarefas lúdicas e un exame final. Os exercicios e materiais para Educación Secundaria e formación de profesorado están deseñados para que o alumno tamén poida completar o paquete de forma independente, por exemplo, como parte dun curso ou unha unidade de estudo.

Ademais dos exercicios lúdicos e o exame final, o material de Secundaria inclúe o percorrido para a produción persoal do estudante (FIGURA 5), que lle permite completar os seus proxectos de forma independente, mais dirixida ao mesmo tempo. No percorrido, repásase o proceso de produción persoal paso a paso, que inclúe o dominio dos dereitos de autor necesario en cada etapa do traballo. O percorrido guía e apoia o traballo dos alumnos con cadros de información e ligazóns a materiais. Isto permite completar distintas tarefas de aprendizaxe independentemente do curso, a materia ou o tema.

2. OS DEREITOS DE AUTOR NOS ESTUDOS COMO PARTE DA MULTIALFABETIZACIÓN E PARA APRENDER HABILIDADES DE APRENDIZAXE

Os dereitos de autor forman parte da vida cotiá dos alumnos e profesores de moitos xeitos. A tecnoloxía dixital, en particular, brindou novas oportunidades para que o ensino aproveite o contido das áreas temáticas e as producións en moitas formas. Por outra banda, a tecnoloxía tamén puxo a disposición de per-

soas particulares ferramentas e plataformas para producir, editar e distribuír contidos e diferentes tipos de producións, ademais de recibilos e consumilos. A produción cotiá facilitou e diversificou a produción de contidos, mais ao tempo incrementou a necesidade de coñecementos relacionados cos mecanismos de produción de información e do coñecemento dos aspectos éticos e legais da comunicación.

Polo tanto, as habilidades en materia de dereitos de autor son competencias actualizadas e aplicables á situación, igual que outras moitas destrezas de produción. As habilidades de interpretación e redacción de textos, obras e outros contidos creativos forman parte da educación cívica do home moderno: ferramentas para a aprendizaxe diaria e o estudo orientado ao logro de obxectivos. As súas competencias aumentan gradualmente xunto ás tarefas de aprendizaxe desde Primaria en diante. A tarefa do profesor consiste en manter presentes as habilidades dos dereitos de autor en diferentes niveis e cursos, e observar as destrezas adquiridas dos estudantes. Deste xeito, os dereitos de autor convértense nunha parte natural do estudo e a aprendizaxe.

Os conxuntos de significados formados por imaxes en movemento, diferentes tipos de sons e símbolos, ademais da linguaxe escrita, son todos «textos» que interpretamos e producimos en diferentes situacións e contornas continuamente. Estamos constantemente creando novas producións a partir das xa existentes: reciclamos e combinamos creativamente diferentes tipos de escritos, imaxes, símbolos e sons listos para usar, así como partes deles, para as necesidades dos nosos propios textos e producións. A referencia consciente a outros textos por medio dos textos, ou sexa, a intertextualidade, é tamén un dos medios de creación de novos significados. Todas estas actividades textuais e a produción de significados propios réxense polos dereitos de autor, que garanten ao autor da obra e do texto orixinal os dereitos para xestionar e usar a súa propia produción e, no seu caso, unha compensación apropiada polos resultados do seu traballo creativo.

Segundo a pedagogía actual relativa ás habilidades de lectura, escritura e comunicación (a multialfabetización), a interpretación e o uso de diferentes formas de textos está aumentando aos poucos nos contextos e contornas nos que se utilizan textos. Deste xeito, as habilidades de dereitos de autor tamén se aprenden mellor coas tarefas de aprendizaxe: traballando nunha ampla gama de contornas de aprendizaxe e en diferentes cursos e materias. Os novos plans de estudos fan fincapé nos estudos temáticos, a aprendizaxe baseada en proxectos, a produción creativa, as situacións auténticas como contornas de aprendizaxe, a aprendizaxe comunitaria, así como solapar contornas reais e virtuais na aprendizaxe, independentemente da forma de educación. O traballo en liña da Aula do Dereito de Autor tamén se apoia nestas formas renovadas de aprendizaxe.

FIGURA 2. Multialfabetización na aprendizaxe e o estudo




Comprender e aplicar os fundamentos dos dereitos de autor, así como respectar os dereitos de autor, forman parte da multialfabetización e, ao tempo, tamén dos obxectivos e contidos dos novos plans de estudos en todos os niveis de ensino e materias. A ensinanza baseada na capacidade do aprendiz e a busca e creación independente de información favorece a produción creativa, que se traduce nunha ampla gama de producións: textos, obras de artes visuais, vídeos e obras multimedia (FIGURA 3). En relación coa produción creativa, utilízanse diferentes equipos e software, practícase o uso de medios dixitais e apréndense a utilizar e interpretar distintas fontes. Este tipo de traballo baseado en proxectos reflíctese en todas as materias e contidos de estudo. O uso responsable dos produtos e equipos, así como o recoñecemento dos dereitos de autor, son unha parte fundamental para aprender as habilidades de aprendizaxe de acordo cos novos plans de estudos.

O estudo baseado en proxectos e fenómenos está aumentando constantemente, xa que as percepcións e as contornas da aprendizaxe remarcán as experiencias do alumno, a busca e a aplicación da información, así como aprender habilidades

de aprendizaxe. A aprendizaxe xeneralizouse co desenvolvemento e a accesibilidade de Internet e os equipos técnicos. Isto significa que desenvolver as propias habilidades e adquirir coñecementos é máis fácil e fluído ca nunca na historia da documentación da humanidade. A aprendizaxe xa non depende do tempo, o lugar e outros factores ambientais, polo que constantemente máis persoas teñen acceso a fontes de información cada vez máis diversas e versátiles.

Grazas ás ferramentas técnicas e á facilidade da busca de información, a aprendizaxe prodúcese nun ámbito moito máis amplo que a educación formal e doutros moitos xeitos distintos de ler libros (de texto). Coa ubicuidade desta aprendizaxe, a selección, a recompilación e a revisión crítica (capacidade lectora crítica) de información fiable e útil, así como os coñecementos relacionados coa aplicación e o uso da información son unha parte cada vez máis importante dos estudos e a xestión da vida en xeral. Polo tanto, a educación debe proporcionar aos estudantes ferramentas para dominar o seu traballo dos coñecementos e desenvolver as habilidades (denominadas habilidades cívicas) que esixen os novos tipos de contornas de aprendizaxe. Cando o dominio dos procesos de aprendizaxe é, cando menos, tan importante como o resultado, isto supón cambios nas contornas formais de aprendizaxe, os métodos de traballo e materiais, así como na avaliación da aprendizaxe. Polo tanto, o control dos procesos de aprendizaxe é unha parte fundamental do traballo do profesor, e para fomentar isto, deseñouse este material sobre os dereitos de autor para os percorridos da produción persoal dos alumnos.

FIGURA 3 Multialfabetización na produción creativa do alumno



3. A ENSEÑANZA DAS HABILIDADES DOS DEREITOS DE AUTOR

O uso creativo de textos e outras producións implica normas tanto éticas como legais, cuxa aplicación require práctica. Na profesión docente, os coñecementos e as habilidades relacionados cos dereitos de autor deben percibirse nas funcións do usuario, produtor e educador.

FIGURA 4. Funcións dos docentes en materia de dereitos de autor

1. o docente como usuario das obras	2. o docente como autor do seu propio material	3. o docente como profesor de habilidades dos dereitos de autor
O profesor utiliza moitos tipos de textos (materiais) na súa ensinanza.	O profesor produce material didáctico ao que incorpora materiais elaborados por outras persoas, como imaxes e texto. O profesor ten, en principio, dereito a definir as cuestións relacionadas co uso do material que prepara.	Na súa profesión, o profesor instrúe os estudantes sobre os coñecementos dos dereitos de autor, independentemente do nivel de formación ou a especialidade na que traballe. No seu traballo, o profesor tamén serve de modelo non só para os estudantes, senón tamén para os pais e outras comunidades de fondo sobre como se utilizan as obras e os textos na aprendizaxe e como parte da súa produción persoal de materiais.

Na ensinanza, o profesor utiliza textos e producións doutras persoas (os denominados materiais didácticos auténticos) e fai uso de material pedagóxico redactado por outras persoas. Ademais, o profesor prepara o seu propio material didáctico, xa sexa para o seu uso propio ou para o uso común do centro educativo. Na súa profesión, cada profesor tamén actúa como docente das destrezas dos dereitos de autor e do uso das obras, e como modelo para respectalos. Estas distintas funcións esixen un coñecemento obxectivo dos dereitos de autor, incluídas as solucións de licenzas para os centros educativos, a habilidade para

saber como aplicar os coñecementos na súa propia ensinanza, por exemplo, na organización das contornas de aprendizaxe e a elaboración de materiais didácticos, así como a competencia pedagóxica para ensinar habilidades e contidos relacionados cos dereitos de autor. As habilidades dos dereitos de autor non só están relacionadas coa educación en medios e a ensinanza de habilidades cos medios, senón que forman parte da ensinanza de todas as materias e temas. Os dispositivos, a tecnoloxía, as aplicacións e as plataformas electrónicas evolucionan constantemente, polo que os requisitos do dominio dos coñecementos sobre dereitos de autor tamén aumentan.

As destrezas dos dereitos de autor son habilidades que deben actualizarse e teñen que ver tanto con coñecer as regras dos dereitos de autor como coa ética de crear coñecemento: o respecto polo traballo dos demais, as boas maneiras e a discreción. As habilidades dos dereitos de autor están vinculadas en moitos aspectos coa multialfabetización, en especial, coa capacidade lectora crítica e a crítica das fontes, así como coa comunicación visual apropiada, que inclúe habilidades para orientar e delimitar unha mensaxe, e a netiqueta. Os dereitos de autor non só afectan o material utilizado e producido na ensinanza, senón que tamén forman parte de toda a produción creativa no lecer. As habilidades pertencentes á produción creativa establécense e convértense nunha práctica a medida que os límites entre a aprendizaxe escolar e a aprendizaxe no lecer desaparecen tamén con respecto ás habilidades dos dereitos de autor. O obxectivo é convencer os alumnos da utilidade e os beneficios das habilidades na práctica para que o aprendido no centro educativo comece a usarse de verdade e que sexa útil tamén na vida cotiá.

No material da Aula do do Dereito de Autor, trátanse as cuestións sobre os dereitos de autor como parte do estudo, a busca e a xestión da información. O material core as habilidades e os coñecementos básicos dos dereitos de autor e proporciona exemplos para a súa práctica como parte da ensinanza dos cursos e diferentes materias. Ao tempo, brinda aos profesores e os estudantes de Maxisterio as instrucións para actualizar os seus coñecementos e competencias en materia de dereitos de autor.

4. AS HABILIDADES DOS DEREITOS DE AUTOR E O SEU ESTUDO

Os coñecementos e as habilidades relacionados cos dereitos de autor forman parte da multialfabetización, xa que as competencias relacionadas cos dereitos de autor son necesarias na produción creativa 1) no uso de contidos, 2) na produción de contidos e 3) na distribución de contidos. O proceso de produción creativa segue as fases do traballo do proxecto, que se mostran no material de produción creativa (FIGURA 5). O modelo pode utilizarse en calquera curso no que se traballe con tarefas de aprendizaxe baseadas en proxectos. O modelo elaborado para a produción propia do alumno dirixe a aplicación dos coñecementos sobre os dereitos de autor en situacións prácticas.

FIGURA 5. Percorrido para a produción persoal do estudante



As competencias relacionadas cos dereitos de autor divídense na xestión e aplicación da información sobre os dereitos de autor, o uso de diferentes tipos de materiais, así como a busca de información e a capacidade lectora crítica do seguinte xeito:

FIGURA 6. Competencias sobre dereitos de autor

1. Coñecementos sobre os dereitos de autor	2. Habilidades para usar diferentes tipos de materiais	3. Destrezas de busca de información e capacidade lectora crítica
<ul style="list-style-type: none"> - conceptos dos dereitos de autor, respecto dos dereitos de autor - autoría, limiar de orixinalidade e protección dos dereitos de autor - «eu como autor», ou sexa, a produción creativa propia - uso e distribución de obras, solucións de permisos e licenzas, edición de obras, dereitos morais - toma e publicación de imaxes, así como permisos para sacar imaxes, protección da intimidade e a honra - vulneración dos dereitos de autor, responsabilidade penal e sancións - acceso público e visibilidade nas redes sociais 	<ul style="list-style-type: none"> - referencias e citar as fontes - o uso de textos, imaxes, música, son, imaxe en directo e combinacións destes en tarefas de aprendizaxe - edición de obras; dereitos morais e dereitos patrimoniais. - solucións de permisos e licenza Creative Commons. 	<ul style="list-style-type: none"> - busca de información para tarefas de aprendizaxe (proxectos e ensaios, presentacións en diferentes formas, miniteses, vídeos e outras presentacións multimedia) - avaliación da información, comparación de diferentes fontes, proporcionalidade da información, crítica das fontes - investigar a orixe da información, o denominado uso de fontes de segunda man - diferentes perspectivas sobre o tema ou fenómeno e a súa recompilación - troca de contido entre plataformas e servidores - citar as fontes

O rango de habilidades que é fundamental para cada exercicio varía. No material lúdico, os coñecementos dos dereitos de autor son fundamentais, mais, no exercicio da produción persoal aplicada, pártese de situacións prácticas e da busca, a interpretación e a produción de materiais relacionados con elas, onde a lectura, a interpretación e a produción relacionada cos documentos (textos, fontes, materiais) dos alumnos teñen prioridade e estas actividades intercálanse coa información sobre os dereitos de autor.

As habilidades dos dereitos de autor consisten nunha ampla gama de competencias: dominar os conceptos dos dereitos de autor, aplicar os coñecementos contidos neles nas tarefas de aprendizaxe, así como as actitudes positivas: do desexo de aplicar os coñecementos dos dereitos de autor nos seus traballos e na súa produción creativa. Polo tanto, trátase dun conxunto de habilidades que inclúe emocións e un estado de ánimo moi positivos.

Unha forma de incorporar as habilidades dos dereitos de autor no Ensino Secundario é distribuílas por temas en diferentes cursos (consulte os materiais de estudo para Bacharelato e Formación Profesional). Deste xeito, o alumno ten a oportunidade de descubrir, a través do seu propio traballo, con que se relacionan as habilidades dos dereitos de autor na práctica. Trátase dun conxunto de habilidades para todos os estudos que se practica e se precisa no estudo de diferentes materias e entidades de aprendizaxe, non só no contexto de facer unha presentación ou tese.

A ensinanza dos dereitos de autor a través dun modelo descentralizado tamén require que, en relación coa resolución das tarefas de aprendizaxe, por exemplo, montaxes de vídeos ou presentacións, non só se mostre a habilidade que se practica por separado nun curso en particular, senón tamén os dereitos de autor no seu conxunto. O material da Aula do Dereito de Autor, cos seus modelos de xogos e resumos para o traballo en proxectos, ofrece unha boa oportunidade para iso. A aprendizaxe poténciase co uso do formulario de autoavaliación (adxunto), onde, por exemplo, ademais da xeración de contidos e o alcance do uso das fontes, un dos elementos a valorar na avaliación do material de produción persoal e a propia aprendizaxe poden ser naturalmente as habilidades dos dereitos de autor.

O material dos dereitos de autor baseado en xogos da Aula do Dereito de Autor contén tanto a resolución práctica de problemas como información sobre os conceptos básicos da solución. Está concibido ao xeito do carné de conducir: un alumno debe proporcionar determinadas «mostras» das súas habilidades baseadas na experiencia e os coñecementos para trocar o seu diploma dos dereitos de autor. O xogo consta de logros parciais, que están apoiados por material instrutivo e baseado en información recompilada na plataforma, entre outros, sesións informativas sobre diversos temas.

O material da Aula do Dereito de Autor tamén inclúe consellos didácticos para ensinar as habilidades sobre os dereitos de autor como unidade ou en partes en relación con diversos proxectos e tarefas de aprendizaxe, así como instrucións de autoaprendizaxe para Secundaria e a formación de profesorado. Coa axuda da guía de autoaprendizaxe, o alumno ou o profesor poden dominar

os dereitos de autor de xeito independente utilizando os materiais da Aula do do
Dereito de Autor.

AUTOAVALIACIÓN DOS COÑECEMENTOS SOBRE DEREITOS DE AUTOR NA AULA DO DEREITO DE AUTOR



Nome:

Curso/grupo:

Este formulario axúdате a avaliar os teus coñecementos sobre os dereitos de autor, tanto antes de estudar o material da Aula como despois. Mediante a avaliación comprobarás o que aprendiches cos exercicios da Aula. Despois de encher as dúas partes do formulario de avaliación, podes comparar as habilidades, os coñecementos e a túa actitude relacionados cos dereitos de autor ante criterios que podes atopar encontrar ao final dos formularios. Os criterios axúdante a entender o que xa sabes acerca dos dereitos de autor e os temas que aínda precisan práctica.

DOMINIO DOS COÑECEMENTOS SOBRE OS DEREITOS DE AUTOR ANTES DE PRACTICAR NA AULA

Avalía as túas propias competencias (habilidades, coñecementos, motivación, actitude e actividade) nas seguintes destrezas. Xustifica a túa valoración.

a. Destrezas de busca de información e capacidade lectora crítica

b. Destrezas de uso dos materiais

c. Coñecementos sobre os dereitos de autor

d. Outros: por exemplo, experiencias, observacións acerca de temas relativos aos dereitos de autor:

**DOMINIO DOS COÑECEMENTOS SOBRE OS DEREITOS DE AUTOR
DESPOIS DE PRACTICAR NA AULA**

No formulario de avaliación que cubriches no inicio, repasa os teus coñecementos sobre os dereitos de autor antes de practicar na Aula. Volve valorar agora as túas propias competencias (habilidades, coñecementos, motivación, actitude e actividade) despois de practicar. Xustifica a túa valoración.

a. Destrezas de busca de información e capacidade lectora crítica

b. Destrezas de uso dos materiais

c. Coñecementos sobre os dereitos de autor

d. Outros: por exemplo, experiencias, observacións acerca de temas relativos aos dereitos de autor:

AS HABILIDADES DOS DEREITOS DE AUTOR E O SEU DOMINIO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

	A. DESTREZAS DE BUSCA DE INFORMACIÓN E CAPACIDADE LECTORA CRÍTICA	B. DESTREZAS DE USO DOS MATERIAIS	C. COÑECEMENTOS SOBRE OS DEREITOS DE AUTOR
EXCELENTE	<p>Busca información de diferentes fontes e avalía tanto as fontes de información como os contidos desta de forma crítica.</p> <p>Utiliza as preguntas do lector crítico informándose sobre diferentes fontes.</p> <p>Sabe citar as fontes de xeito apropiado.</p> <p>É capaz de aclarar a orixe da información e evitar as denominadas fontes de segunda man.</p>	<p>Combina e relaciona a información procedente de diferentes fontes.</p> <p>Proporciona diferentes puntos de vista sobre un tema ou fenómeno e é capaz de unilos.</p> <p>Sabe producir moitos tipos de tarefas de estudo, como teses, presentacións, vídeos, ensaios.</p> <p>Sabe compartir o contido en diferentes plataformas e servidores.</p> <p>Respecta os dereitos de autor ao utilizar e modificar obras e materiais. Sabe utilizar os permisos e as licenzas ao utilizar obras e ao compartir contidos.</p> <p>Recolle os comentarios tanto da propia produción como do proceso de produción, e aprovéitao na seguinte tarefa de estudo.</p>	<p>Coñece os conceptos básicos dos dereitos de autor.</p> <p>Respecta os dereitos morais do autor ao utilizar e modificar as obras.</p> <p>Comprende as súas responsabilidades pola infracción dos dereitos de autor.</p> <p>Comprende a protección da intimidade e a honra.</p>
BEN	<p>Sabe buscar información de varias fontes e avaliala de xeito crítico, cando menos en parte.</p> <p>É capaz de aclarar a información de referencia da fonte.</p> <p>Sabe citar as fontes axeitadamente.</p>	<p>Combina a información de diferentes fontes entre si e percibe os diferentes puntos de vista dun tema ou fenómeno.</p> <p>Produce diferentes tarefas de estudo, como vídeo, presentación e ensaio.</p> <p>Comparte as súas producións en distintas plataformas.</p> <p>Entende a importancia dos dereitos de autor ao utilizar as obras e os materiais doutras persoas.</p> <p>Sabe utilizar os permisos e as licenzas ao utilizar obras e ao compartir contidos.</p>	<p>Coñece os conceptos básicos fundamentais dos dereitos de autor.</p> <p>Comprende os dereitos de autor en diversas situacións prácticas desde o punto de vista de distintos métodos de publicación e permisos.</p> <p>Comprende a importancia dos dereitos morais do autor ao utilizar e modificar as obras.</p> <p>Comprende que infrinxir os dereitos de autor, a protección da intimidade e a honra pode traer consecuencias.</p>
NECESITA MELLORAR	<p>Busca información de algunhas fontes ocasionalmente.</p> <p>Non é capaz de valorar as fontes nin de obter información de xeito crítico.</p> <p>Hai grandes carencias ao citar as fontes.</p>	<p>É capaz de apreciar só un punto de vista sobre o tema ou os puntos de vista permanecen desligados entre si.</p> <p>Non é capaz de tratar un tema con coherencia.</p> <p>Produce continuamente o mesmo tipo de tarefas de estudo.</p> <p>Comparte as súas producións só nas mesmas plataformas.</p> <p>Non sabe obter ou utilizar os permisos de uso ou licenzas necesarios para o uso de obras e materiais.</p>	<p>Coñece só unha parte dos conceptos básicos dos dereitos de autor.</p> <p>Comprende que os dereitos de autor protexen o traballo creativo, mais non sabe utilizar de xeito coherente os permisos ou as licenzas ao utilizar, modificar ou compartir obras e materiais.</p> <p>Non ten en conta os dereitos morais do autor ao utilizar ou modificar as obras.</p> <p>Hai carencias na comprensión da responsabilidade penal e a protección da intimidade e a honra.</p>

